

A CONCENTRACION PARCELARIA A DEBATE



Varios artigos discuten neste número de CERNA a problemática creada polo impacto ambiental da política de concentración parcelaria. Non é a primeira vez que este tema é tocado na revista, o cal é síntoma de que os seus efectos sobre o medio ambiente preocupan profundamente, cando menos ás sensibilidades máis despertadas, máis combativas ou máis lúcidas que adican os seus esforzos á protección e valorización social do noso medio ambiente.

¿Por qué xenera tanta polémica e conta con tantos detractores a concentración parcelaria?. Antes que nada, porque supón unha intervención sobre o territorio que, na maioría dos casos, ten efectos devastadores: transforma totalmente a paisaxe observable, o seu contido cultural, biolóxico e os seus compoñentes estruturais. Complementariamente, porque esta transformación pode afectar a unha porcentaxe do territorio descomunal, xa que se pretende "remover" a realidade observable de 600.000 hectáreas, un 20% de todo o territorio da Galiza.

Os técnicos responsábeis da concentración parcelaria actúan como se nada do que existise no territorio tivese valor. Como o colonizador que despreza a cultura do colonizado, como o modernizador que considera que todas as criacións das

xeracións precedentes están obsoletas, o concentrador considera a paisaxe agraria existente como expresión e síntoma inequívoco do atraso. Daquela, destrúe, para logo reconstruír á imaxe e semellanza do seu modelo de suposta modernidade. ■



*O mesmo río antes e
depois da
concentración
parcelaria. Os
ecosistemas fluviais,
coa súa riqueza
florística e
faunística, son
alguns dos
elementos máis
degradados nestas
actuacións.*